

Información



Campaña “Mulleres na economía social”

Baixo este nome enmárcase a campaña da Xunta de Galicia e a Consellería de Economía, Emprego e Industria para conmemorar o 8 de marzo, Día Internacional da Muller.

Con esta acción preténdese visibilizar a través do seguinte [vídeo](#) o papel da muller dentro da economía social así como os seus avances cara a unha igualdade real.

[Ver máis](#)



Entrevista a Raquel Sedes Dopico da sociedade laboral Metal Ferrol

Raquel Sedes, responsable de Recursos Humanos, Calidade, Medio Ambiente e Responsabilidade Social Empresarial en Metal Ferrol destaca que nas sociedades laborais priman as persoas, o coidado da contorna e o fin social.

Ademais, comparte a importancia de estar vinculados ao desenvolvemento local contribuíndo a manter a cohesión social.

[Ver máis](#)



Resultados da Rede Eusumo no 2018

Coñece en detalle os datos relativos ao asesoramento e acompañamento, formación, actividades divulgativas, participación en feiras, socios e redes sociais da Rede Eusumo no 2018.

[Ver máis](#)

Actividades

Nova formación: As cooperativas no sector da hostalería

Esta formación ten como obxectivo achegarlles aos destinatarios os conceptos necesarios en materia de cooperativas, comparando esta con outras fórmulas empresariais ademais de mostrar os pasos a seguir e as características e vantaxes da creación dunha cooperativa.

Datas: do 18/03 ao 1/04/2019

Horario: 11:00-13:00h.

Lugar: Casa da Cultura, Marqués de Ugena, s/n, 27600, Sarria (Lugo)

Inscripcións: no 982545070 (Ext 6) / 606306254 / mancomunidade.frances@gmail.com



[Ver máis](#)



Obradoiro: Formación cooperativa para persoas que quieren emprender

O obxectivo deste obradoiro é presentar a cooperativa como unha opción laboral de autoemprego colectivo, descubrir as características das empresas cooperativas e coñecer un caso real dunha cooperativa en funcionamento.

Datas: 21, 22 e 27/03/19

Horario: 08:00-15:00h.

Lugar: Avda. de Peinador, 39, Tameiga (Mos)

Inscripcións: 986886149 / teresa@espazo.coop

[Ver máis](#)



Teleformación: Fundamentos de contabilidade para a túa entidade de economía social

Impartindo esta actividade formativa achegárase aos destinatarios unha visión integrada dos conceptos e instrumentos claves da contabilidade e finanzas para a xestión das empresas de economía social.

Datas: 22/03-12/04/2019

Modalidade: online

Duración: 20h.

Inscripcións: a través do seguinte [formulario](#) / 981558008 / eusumo.emprego@xunta.es

[Ver máis](#)

Rede Eusumo

Contacte en: comunicacion@eusumo.gal ou 610 17 43 89

Máis información en:



www.eusumo.gal

